

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 31 DE MAIO DE 2018.

### ASISTENTES:

#### PRESIDENTA:

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xose Alfonso Torres (CxG)

#### CONCELLEIROS/AS:

D. Jose Manuel Quintela Fernández,(CxG)  
D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Inés Monteagudo Romero (PP)  
D. Jose Vázquez Rama (PP)  
D. José Ángel Hermida Simil (PP)  
D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño (PP)  
D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais (PSOE)  
D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño (PSOE)  
D. Enrique Riomayor Caamaño (PSOE)  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)  
D. Manuel María García Fernández (BNG)  
D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo (BNG)

#### SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos, reúnen-se en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa-Presidenta aberta a sesión con arranxo ao seguinte orde do día:

### I PARTE RESOLUTIVA

#### **1º.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 26 de abril de 2018**

*Dilixencia: Para facer constar que previamente a Sra. Alcaldesa presenta ao novo secretario e asimesmo preséntalle a este aos concelleiros da corporación.*

Pregunta a Sra. Alcaldesa se hai algunha observación á acta

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen en primeiro lugar quere darlle a benvida ao sr. secretario e transmitir o pesar do seu grupo polo falecemento de Don Jesús Siaba á agrupación socialista cidadán, ao grupo municipal socialista e por suposto á familia e

agradecer as mostras de condolencia recibidas polo facelemento do seu compañeiro de partido D. Carlos López Crespo.

Intervén a Sra. González Cerviño quen lle da a benvida ao secretario e agradece as mostras de condolencia do PP e darlle o pésame polo falecemento do Sr. Crespo.

Intervén o Sr. García Fernández quen se suma ás condolencias efectuadas e dalle a benvida ao secretario. Queren facer una observación que se corrixa o apelido da Concelleira Paula que é Simal e non Simil como figura na acta.

Antes de votar a acta o secretario informa a instancia da Alcaldía que o seu criterio é que as actas non se votan senón que se aproban automaticamente, o único que se vota son as observacións á mesma pero que non pon ningún atranco a que se voten, como se viña facendo anteriormente.

A Alcaldesa expón que se queren seguir votando a acta, votárase como anteriormente se viña facendo.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que non sabe se se van a facer observacións pero que o concelleiro que non estivo na sesión anterior absterase, ao que o secretario contesta que precisamente por iso a acta non se vota e queda aprobada automaticamente porque é competencia do secretario a súa redacción,

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que non dubida da fe pública do secretario pero que non pode ser que a acta a aprobe o secretario, ao que o secretario dí que iso non foi o que dixo, que a acta precisamente ven ao pleno para aprobarse pero que sen non hai observacións queda aprobada a acta que ademáis o prazo para a remisión á administración estatal e autonómica que fixa a lexislación é inferior á periodicidade do pleno polo que estas administracións xa teñen os acordos antes de que o Pleno, como é neste caso vote a acta, teñen ou deberan ter xa que o secretario dí que suele incumplir dito prazo, indica ademáis que cando se certifican os acordos antes de que a acta sexa aprobada en pleno, xa a normativa prevé que se indica que queda a reserva da aprobación da acta.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que eles como sempre atenderán ao que se sinala por secretaría e que se non hai que votar a acta e só as observacións por non teñen ningún problema.

Sométese a observación a votación sendo esta aprobada por unanimidade, quedando corrixida na páxina primeira onde pon “Dna Paula Simil Mayo (BNG)” por “Dna Paula Simal Mayo (BNG).”

Sométese a acta a aprobación coa corrección efectuada acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor 12

Abstencións: 1 (Sr. Vázquez Rama)

## II.- PARTE RESOLUTIVA

### **2º.- Aprobación, se procede, do ditame da comisión informativa permanente de Benestar Social, Muller e Sanidade sobre a Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o anuncio do fin de ETA.**

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que esta moción foi ditaminada favorablemente na comisión informativa, que non son partidarios de presentar este tipo de cuestións xenéricas que corresponden a outras administracións, pero que consideraron presentala porque o anuncio da disolución de ETA foi un éxito colectivo da sociedade española e una mostra da súa fortaleza e conviccións. Prosegue dicindo que lles gustaría que a moción fose aprobada por unanimidade porque se tratou dunha vitoria que acadamos entre todos con moito esforzo e sufrimento. Dí que non teñen inconveniente nalgún punto no que o BNG mostrou a súa disconformidade como o do pacto antiterrorista e suprimilo co obxectivo de acadar a unanimidade.

Acto seguido procede á lectura do texto da moción que está incluído no ditame que é o seguinte

*“A Comisión Informativa Permanente de Benestar Social, Muller e Sanidade, en sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2018, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:*

1º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o anuncio de fin de ETA.

Intervén a Sra. Uhía Patiño quen expón que non é partidaria de falar de política estatal non plenos do Concello de Muros, pero dí que se quixo presentar esta moción porque foi o estado de dereito e a sociedade e que acabou con ETA e que parece que compre darle as grazas polo anuncio efectuado ademais de que outras formacións queren conquistar algún beneficios para os etarras. Remata a súa intervención co desexo de que se aprobé esta moción por todos os grupos municipais.

Intervén o Sr. García Fernández quen dí que están dacordo co fondo do asunto aínda que poden discrepar en puntos concretos. Apunta que hai dous grupos que non están no pacto antiterrorista.

Intervén a Sra. Alcaldesa (Presidenta da Comisión) quen dí que están dacordo en que non hai que darle as grazas a ETA xa que o mérito foi da sociedade, pero que tamén hai temas pendentes de resolver como a ditadura. Remata a súa intervención dicindo que rexeitan a violencia pero que neste acto se van a abster e que se pronunciarán no pleno.

Sometida a proposta a votación polo sistema do voto ponderado amparado no acordo plenario do 9 de xullo de 2015, así como no artigo 68.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia acádase o seguinte resultado:

Voto a favor: Sra. Uhía Patiño (31%)

Abstencións: Srs García Fernández e Presidenta (38%).

En consecuencia ditaminase favorablemente a moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o anuncio de fin de ETA nos termos nos que foi presentada que son os seguintes:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días que ETA anunciou a súa posible desaparición co mesmo cinismo, inmoralidade e irresponsabilidade que marcaron os seus crimes.

Durante os últimos 50 anos os asesinos da banda terrorista sembraron lume e sangue, deixando un legado de odio e rabia que costará eliminar do País Vasco, Navarra e toda España.

A historia de ETA non é máis que o relato dos que pretenderon instaurar un réxime de terror para acadar uns obxectivos políticos que non foron quen de acadar de xeito democrático. A inxustiza, a crueldade e o totalitarismo impostos pola forza.

Hoxe ETA reconece que toda a súa historia foi un fracaso, non foron quen de acadar ningún dos obxectivos políticos que marcaron a súa longa traxectoria criminal.

Os terroristas non acadaron ningún rédito por matar, e tampouco por deixar de facelo. A democracia española nada ten que agradecer aos terroristas de ETA.

Agora, cando ETA, por fin, anuncia a súa disolución, o noso primeiro pensamento é para as vítimas: para as 853 que perderon a vida, para as que sobreviviron aos atentados pero sufrirán as secuelas para sempre, para as persoas ameazadas e para as súas familias. Para todas, sin excepción, porque a todas igualou no seu fanatismo a violencia terrorista. Nada xustifica tanta dor nin tanta impiedade.

Foi o testimonio desas vítimas o que desnudou a auténtica natureza criminal de ETA, o que privou a ésta de calquera atisbo de lexitimidade, e o que a converteu nalgo simplemente detestable.

A sociedade española atopou unha resposta contundente aos asesinatos, extorsións e ameazas: a democracia. Ante os crimes de ETA, xustiza; ante a sinrazón do terrorismo, fortaleza moral. Medramos como sociedade madurando coa dor de cada perda, pero decididos a defender a nosa vida democrática e en liberdade.

Queremos que no futuro todos velemos por custodiar este legado, por tanto dor e sufrimento causado.

Por todo elo, presentamos a seguinte

MOCIÓN:

O Concello de Muros:



PRIMEIRO.- Asumimos o compromiso de manter viva a lembranza das vítimas do terrorismo.

SEGUNDO.- Seguimos comprometidos na loita contra a violencia, e contra o que ETA intentou levar a cabo. Sempre velaremos por un relato veraz e democrático, porque é a mellor garantía de que non se repita.

TERCEIRO.- Trasladamos a nosa gratitude a todas as institucións, entidades e persoas que se implicaron na loita contra a banda terrorista ETA.

CUARTO.- Agradecemos aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado a súa infatigable labor na loita contra a banda terrorista, desenvolvida durante todos estes anos.

QUINTO.- Mostramos o noso agradecemento e apoio a todas as organizacións que durante anos defenderon a dignidade das vítimas do terrorismo, mantendo a súa memoria e reivindicando xustiza.

SEXTO.- Pedimos ao Goberno de España que os Corpos e Forzas de Seguridade sigan investigando os crimes de ETA, porque aínda quedan caseque 300 asasinatos sen xulgar.

SÉPTIMO.- Apelamos a todos os partidos políticos para que manteñan a unidade do Pacto Antiterrorista. Todas as formacións políticas deben permanecer unidas fronte ós asinos e os seus cómplices.

OITAVO.- Pedimos ao Goberno de España que exprese o agradecimiento dos cidadáns a Francia e ó resto de países da Unión Europea polo seu compromiso e colaboración.”.

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que están totalmente dacordo pero que votan en falla que se mencione que o fin de ETA foi co PSOE, que lles gustaría que se fixese unha mención a Alfredo Pérez Rubalcaba como Ministro do Interior. Contesta a Sra. Monteagudo Romero quen dí que se fai referencia a todos ao que a Sra. González Cerviño dí que crén que Rubalcaba merece unha mencións especial anunciando que presentan unha emenda para que se engada ista mención.

Intervén o Sr. García Fernández dicindo que como é unha moción tipo eles van dar unha resposta tipo, anuncia que aínda que van votar en contra da moción que se engada unha mención ao terrorismo do estado cos GAL.

A súa intervención é a seguinte *“O partido Popular volve máis unha vez facer instrumentalización do terrorismo en beneficio propio, presentando una moción sobre ETA nos concellos 7 anos despois da declaración do cese definitivo da súa actividade, una vez formalizada a entrega das súas armas, e mesmo coa xa agardada disolución definitiva.*

*Trata así o PP de utilizar a violencia no seu propio beneficio, usando as vítimas para os seus intereses de partido, coma sempre fixo, pois lembremos que nunca lle prestou tal atención a outras vítimas do terrorismo como as do 1M ou aos milleiros de vítimas do franquismo que seguen enterradas en cunetas. Usan argumentos tan lamentábeis como que dar sepultura digna ás vítimas do franquismo suporía reabrir feridas, ou con palabras do alcalde do PP da Baralla no 2013 que asegurou que os que foron fusilados polo franquismo o merecían. Seguen financiando á Fundación Francisco Franco con diñeiro público, facendo novamente un exercicio de dupla moral, intentando medir o democrático que é un partido en base a súa condena da violencia de ETA, mais esquecendo todas aquelas persoas asasinadas baixo outros terrorismos.*

*No BNG sempre mantivemos una posición clara e inequívoca neste tema, apostando pola paz e amosando o noso rexeitamento e condena a toda violencia terrorista, participando de concentracións e minutos de silencio ante atentados, etc... mais nunca instrumentalizamos un tema tan importante e delicado para a sociedade, sacando as vítimas a relouer cando non se ten máis iniciativa. Desde o BNG apoouse o proceso de desarme e de paz para acabar coa violencia, e nunca utilizamos as vítimas de forma partidista nin nos eriximos en portavoces de vítima alguna.*

*Para o BNG, a diferenza do PP, só cabe cualificar como boa noticia o fin e a disolución de ETA. Este, e non outro é afortunadamente, o contexto en que estamos a vivir. O que cómpre agora son esforzos sinceros que leven á reconciliación da sociedade vasca e á normalización política definitiva, e cremos que esta moción vai na dirección contraria. O contraste político, pacífico e democrático de ideas e proxectos, desde o respecto e a tolerancia, deberán ser os fundamentos deste novo escenario. Lamentamos que o PP non asuma o seu compromiso con estes principios.*

*O noso voto, daquela, será negativo a esta moción”.*

A Alcaldesa concede unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Monteagudo Romero quen dí que non comparten a opinión do BNG, entenden que o anuncio do fin de ETA é un éxito colectivo e que por eso non o capitalizan, hai moitas outras cousas que se poden reprochar de antes e de agora pero non é ese o asunto que se está a tratar, que consideran que o anuncio do fin de ETA pon o punto e final a unha etapa moi dura para moita xente e xente que hoxe non está aquí, que ela coñeceu a vítimas do terrorismo de ETA e que por iso pode dicir que é un éxito de toda a sociedade española. Remata dicindo que non van a aceptar a súa emenda sí que non teñen inconvincente en aceptar a emenda do grupo municipal do socialista cun engadido no apartado terceiro “cunha mención especial ao Ministro do Interior Alfredo Pérez Rubalcaba”

Intervén a Sra. González Cerviño quen dí que están dacordo coa moción e máis agora coa emenda.

Intervén o Sr. García Fernández dicindo que eles tamén coñecen vítimas da política demagóxica do PP da violencia terrorista, que aquí nesta sala hai un vítima que estivo encarcerado 10 días tributaria dese pacto antiterrorista.

Intervén a Sra. Alcaldesa quen dí que sempre van votar a favor a prol da paz e en contra da violencia. Remata dicindo que como comentou na comisión informativa o que lles gustaría e que se depuren responsabilidades polos crimes cometidos, así como por outros tipos de actos como os da ditadura, probablemente polos dous bandos, xa que queda moito por esclarecer.

Sométese a emenda a votación, consistente en engadir ao apartado terceiro o seguinte:

“cunha mención especial ao Ministro do Interior Alfredo Pérez Rubalcaba”

Votos a favor 8: (Concelleiros dos grupos municipais do PP e PSOE)

Abstencións 5: (Concelleiros dos grupos municipais de CxG e BNG)

En consecuencia queda aprobada a emenda. A segunda emenda do BNG que non é aceptada polo grupo proponente é retirada.

Acto seguido procédese a votación do ditame xa emendado acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor 11: (Concelleiros dos grupos municipais do PP, PSOE e CxG)

Votos en contra 2: (Concelleiros dos grupo municipal do BNG)

En consecuencia queda aprobado o ditame da comisión informativa permanente de Benestar Social, Muller e Sanidade sobre a Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o anuncio do fin de ETA nos seguintes términos:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días que ETA anunciou a súa posible desaparición co mesmo cinismo, inmoralidade e irresponsabilidade que marcaron os seus crimes.

Durante os últimos 50 anos os asesinos da banda terrorista sembraron lume e sangue, deixando un legado de odio e rabia que costará eliminar do País Vasco, Navarra e toda España.

A historia de ETA non é máis que o relato dos que pretenderon instaurar un réxime de terror para acadar uns obxectivos políticos que non foron quen de acadar de xeito democrático. A inxustiza, a crueldade e o totalitarismo impostos pola forza.

Hoxe ETA recoñece que toda a súa historia foi un fracaso, non foron quen de acadar ningún dos obxectivos políticos que marcaron a súa longa traxectoria criminal.

Os terroristas non acadaron ningún rédito por matar, e tampouco por deixar de facelo. A democracia española nada ten que agradecer aos terroristas de ETA.

Agora, cando ETA, por fin, anuncia a súa disolución, o noso primeiro pensamento é para as vítimas: para as 853 que perderon a vida, para as que sobreviviron aos

atentados pero sufrirán as secuelas para sempre, para as persoas amenazadas e para a s súas familias. Para todas, sin excepción, porque a todas igualou no seu fanatismo a violencia terrorista. Nada xustifica tanta dor nin tanta impiedade.

Foi o testimonio desas vítimas o que desnudou a auténtica natureza criminal de ETA, o que privou a ésta de calquera atisbo de lexitimidade, e o que a converteu nalgo simplemente detestable.

A sociedade española atopou unha resposta contundente aos asesinatos, extorsións e ameazas: a democracia. Ante os crímenes de ETA, xustiza; ante a sinrazón do terrorismo, fortaleza moral. Medramos como sociedade madurando coa dor de cada perda, pero decididos a defender a nosa vida democrática e en liberdade.

Queremos que no futuro todos velemos por custodiar este legado, por tanto dor e sufrimento causado.

Por todo elo, presentamos a seguinte

**MOCIÓN:**

O Concello de Muros:

**PRIMEIRO.-** Asumimos o compromiso de manter viva a lembranza das vítimas do terrorismo.

**SEGUNDO.-** Seguimos comprometidos na loita contra a violencia, e contra o que ETA intentou levar a cabo. Sempre velaremos por un relato veraz e democrático, porque é a mellor garantía de que non se repita.

**TERCEIRO.-** Trasladamos a nosa gratitude a todas as institucións, entidades e persoas que se implicaron na loita contra a banda terrorista ETA, cunha mención especial ao Ministro do Interior Alfredo Pérez Rubalcaba

**CUARTO.-** Agradecemos aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado a súa infatigable labor na loita contra a banda terrorista, desenvolvida durante todos estes anos.

**QUINTO.-** Mostramos o noso agradecemento e apoio a todas as organizacións que durante anos defenderon a dignidade das vítimas do terrorismo, mantendo a súa memoria e reivindicando xustiza.

**SEXTO.-** Pedimos ao Goberno de España que os Corpos e Forzas de Seguridade sigan investigando os crímenes de ETA, porque aínda quedan caseque 300 asesinatos sen xulgar.

**SÉPTIMO.-** Apelamos a todos os partidos políticos para que manteñan a unidade do Pacto Antiterrorista. Todas as formacións políticas deben permanecer unidas fronte ós asesinos e os seus cómplices.



OITAVO.- Pedimos ao Goberno de España que exprese o agradecimiento dos cidadáns a Francia e ó resto de países da Unión Europea polo seu compromiso e colaboración.”.

### III.- MOCIÓN URXENTES

Pregunta a Sra. Alcaldesa se algún se algún grupo desexa someter por motivos de urxencia algún asunto que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas. Non se presenta ningún.

**Dilixencia:** *Para facer constar que a pregunta fíxose despois do punto 4º.*

### IV.- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO.

#### **3º.- Dar conta da execución do primeiro trimestre do exercicio de 2018.**

O Pleno dase por enterado

#### **4º.- Dar conta das resolución da alcaldía (nº 32 a 419) e das Xuntas de Goberno Local nº 7 de 6/04/2018 e nº 8 de 24/04/2018.**

O pleno dase por enterado

#### **5º.- Rogos e preguntas**

##### **Polo PP intervén a Sra. Monteagudo Romero**

-En relación os campamentos de verán para rapaces 2018: ¿cando vai sair publicada a convocatoria para inscribirse? Tampouco vimos a convocatoria de prazas para os monitores, os prazos son bastante axustados, polo que nos tememos que se retrase o seu inicio. ¿Poden decirnos cando teñen pensado poñelos en marcha?

-En relación á xornadas de cultura mariñeira Muros mira ao mar: gustaríanos saber cantas propostas tiveron de colaboración para ambientación e postos, e pedídomoslle un esforzo especial, é unha festa concebida e mantida co esforzo de moitas persoas, e sería unha pena que a vaian deixando esmorecer.

-Parece ser que o concello fixo unha especie de rampa no camiño que vai do Morouzón e o Lameiro á rotonda do polígono. Toda esa zona está moi falta de mantemento, e o certo é que máis parece un parque para xabaríns que un paso para persoas, ás que lles resulta moi dificultoso o tránsito por esa zona. Sabemos que contrataron unha empresa para rozar no polígono, tamén o van facer por alí?

-Sra Alfonso, gustaríanos saber se, mentres vostede foi Presidenta da Mancomunidade de Serra do Barbanza, houbo algún alcalde que mandara aos seus veciños a Muros a pedirlle explicacións polos problemas na recollida do lixo dos seus concellos. Supoñemos que non, porque non vimos nada no seu facebook ao respecto. Os veciños

de Muros é o concello de Muros a quen lle pagamos o recibo, non é nin a mancomunidade, nin a deputación, é o concello, que é quen nos presta o servizo a través da mancomunidade, e tamén quen nolo cobra. É vostede quen nos ten que dar explicacións, porque non está aquí so para ir sacar fotiños cuns camións. Está para resolver problemas e non para crealos, Sra Alfonso.

Gustaríanos saber se houbo algún avance nos seguintes temas, todos repetidos porque en nada se avanzou e a moitas cuestións nin sequera nos contestou:

-Bar San Francisco, definitivamente non vai abrir este verán, ¿avanzaron algo nos pregos para a licitación?

-Ampliación parada bus na Avda Castelao. Recordamoslle que é un acordo plenario.

-O informe de intervención sobre facturas pendentes de pagamento indica a obriga de facer un plan de tesourería visto que se incumpre o prazo medio de pago a provedores de 30 días. ¿Está feito, Ou están traballando nel?

-¿Teñen unha data para iniciar a obra da beirarrúa do Furón?

-En de outubro do ano pasado presentamos unha moción para aplicar bonificacións no IBI, non a tramitaron porque iban vostedes a presentar outra mellor en novembro. Pasou novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo e abril. ¿Están esperando á convocatoria de eleccións para tramitala?

-¿Qué temos que facer para que nos envíen a documentación que requerimos en varios plenos? Anexo de facturas pendentes de pagamento no 1º trimestre 2018, relación de facturas 68 e 70 do ano 2017. Campañas promocionais na tv.,,etc.

-¿Abonaron ás bolsas a deportistas?

-¿Saben do estado do pavimento na zona onde está o lavapés da praia de Paraméan?

-¿Adoptaron algunha decisión respecto do tema dos cans nas praias?

-¿Tamén se hai previsto algún cambio de data no pleno do mes de xuño?

Por último fai un rogo: Que deixe de denigrar a esta corporación e nos teña en conta porque cando son fan cousas no concello non son só para vostede.

Responde a Alcaldesa:

-Sobre os campamentos de verán estase traballando nas bases tanto para os rapaces e rapazas que vaian a participar como para a selección de persoal, acaba de incorporarse o secretario novo e mañá toman posesión o interventor e a tesoureira por ilo quedaron temas pendentes para que os informen os novos e non houberse cambio de criterio.

-Con respecto a “Muros mira ao mar” a súa maneira de expoñelo da entender que todo vai a menos e que é peor e é que nos últimos anos non foi a peor senón ao contrario, en canto á proposta para a xestión do mercadiño mariñeiro creo recordar que se presentaron dúas, e con respecto á ambientación de rúas este ano non se presentou ningunha asociación para decoración de rúas e xa falamos con alguna xa que así se decidiu na comisión organizadora para ver se accedía. En calquera caso vai haber “Muros mira ao mar”, están decididas as actuacións musicais, unha boa parte son a cargo da rede cultural, hai un cartel xa feito e está o traballo avanzado, vai a haber rúas ambientais, e esperamos que “Muros mira ao mar” sexa un éxito polo menos como o ano pasado.

-Tomo noto do camiño do Morouzón e o Lameiro á rotonda do polígono e irá como todo pasará a brigada.

-Con respecto ao Presidente da Mancomunidade é verdade que nun comentario de facebook, como me preguntaban a min que pasaba, tomeime a liberdade de proponden que lle pregunten ao actual Presidente da Mancomunidade, pero por unha cuestión simple que o expliquei alí tamén, que como expliquei cales eran os problemas na recollida de lixo e está claro que o grupo popular de Muros non me cre, a ver se escoitando de boca do actual Presidente da Mancomunidade a el si o cren. A explicación que lles pode dar él e a mesma que lles podo dar eu, expliqueino moitísimas veces sendo Presidenta da Mancomunidade e cando non o era, que nunca me neguei a dar explicacións.

-Con respecto aos outros temas que me preguntaban se estaban igual estase traballando neles, incorporándose agora o novo secretario, interventor e tesoureira preferimos que os informen eles.

-Con respecto ao pregos de San Francisco estaban feitos pola secretaria anterior pero como estaba a piques de se marchar estaba agardando a que se incorporase o actual secretario.

-Non hai data concreta para abrir a rúa do furón, vanse intercalando as tarefas de desbroce con outras e cando poidan irán por alí.

-En canto ao IBI estamos a voltas, onte falabamos da modificación do IBI e salvo que os informes aconsellen o contrario o traeremos a pleno.

-En canto á documentación pendente tiña entendido que as facturas xa lles foran remitidas pero tomo noto e o comento para que llas envíen sen problema.

-De bolsas a deportistas había dúas e quedou unha sen abonar porque intervención considerou que non procedía. Agora que se incorpora un novo interventor é un asunto que temos enriba da mesa e ver se mantén o mesmo criterio ou non.

-Tomamos nota do pavimento na zona onde está o lavapés.

-Con respecto aos cans na praia vamos a habilitar Bornalle, xa que é a única na que existe consenso.

-E con respecto ao pleno de xuño a idea era mantelo para o xoves 28 xa que non é festivo, pero que non hai problema un día ou outro, fálamolo ou convocamos unha Xunta de Portavoces e decidímolos alí.

### **Polo PSOE intervén a Sra. González Cerviño**

-En primeiro lugar dí, con respecto á afirmación da alcaldesa do consenso dos cans nas prais, que a xente de Bornalle non está dacordo, co que o dito pola alcaldesa non é verdade.

-¿Cantos reparos hai levantados? e ¿cando nos vai a dar a copia dos reparos? porque nos dixon no pleno que non tiña ningún problema pero que non se lles facilitan nin o número nin as copias.

-Díxonos que para as festas de San Pedro lle había chegado o permiso de Portos para facer a festa no recheo, é mentira porque a día de hoxe non nos facilitou copia de ese documento. Gustaríanos que este ano que nos enseñara o permiso do primeiro ano e deste.

-Queremos saber, que nunca nos ensinou nada, como están as negociacións con Espina & Defín, porque non sabemos a situación da empresa con respecto ao concello, se o concello está pagando o canon e se lle reclamou a débeda que ten Espina & Defín co Concello de Muros e coa Mancomunidade.

Rogo: Querémoslle pedir e que quede de manifesto e que quede moi claro e non diga que non ten coñecemento do estado na Porteliña dos terreos que están detrás do edificio do Gadis xa que esa parede ten un grave perigo de derrumbre, viñeron aquí os vecinos dos 3 edificios dúas ou tres veces e non se lles fixo caso, foron á garde civil e queremos deixar constancia neste pleno de que vostede ten coñecemento do estado en que se atopa o edificio e que se tomen as medidas oportunas de forma urxente.

Responde a Alcaldesa

-Non teño contados os reparos de intervención, hai reparos e llos daremos cando poidamos igual que os permisos de Portos para as festas de San Pedro que sí que os hai.

-As negociacións con Espina & Defín seguen en marcha e se está traballando co tema do canon.

-Toma nota do estado dos terreos detrás do Gadis, que efectivamente xa tiña constancia, que non hai perigo de derrumbre pero sí de falta de desbroce. Dí que os vecinos viñeron pero non por perigo de derumbe senón por falta de limpeza.

### **Polo BNG intervén o Sr. García Fernández**

-Con respecto ao Bar San Francisco xa lle dicíamos que a excusa que se estaba a traballar non nos ía a valer. Damos por boa a resposta pero sí queremos pedir que o saquen para a partires do ano 2019.

-Este mes, como vimos anunciando na prensa, a Deputación da Coruña aprobou máis de medio millón de euros para levar a cabo as obras que desde este pleno lles propuxemos. Queremos saber se están listos os distintos procedementos para comezar a executar canto antes todas e cada unha das obras aprobadas, mais nomeadamente, queremos saber cando teñen pensado que comecen as obras de reforma do antigo Cine París que eliminen dunha vez as denostadas andamiaxes que o sustentan, así como a obra de reforma dos sumidoiros do Chalón, que coas última choivas da semana pasada, volveu a quedar en evidencia a urxente necesidade de solucionar o problema das inundacións na zona do Curro da Praza.

-Falábamos os meses pasados de que no Concello veciño de Carnota estábanse a mobilizar en todas as parroquias co fin de evitar a proliferación de enxames de Vespa Velutina. Saiu publicado na prensa, que na comarca foron xa miles os exemplares desta praga que se capturaron, e no Concello de Muros non temos constancia de que se fixera absolutamente nada. ¿Que medidas se están tomando en Muros?

-Preguntamos no pleno pasado se Manpower estaba utilizando algún espazo do Concello. Salvo erro noso e omisión na acta, non se nos respostou.

-No BNG preocupáanos a situación na que se atopan moitas das persoas traballadoras deste Concello, polo que non deixaremos de insistir ata ver a RPT aprobada. No pleno pasado, a Alcaldesa díxonos que o luns seguinte ían comezar as entrevistas coas traballadoras. ¿Tiveron lugar estas entrevistas? ¿Hai acordo co cadro de traballadores para a probación da RPT? ¿En que situación se atopa?

-Toparon solución para o repetidor de TV de Abelleira e Torea? Están atempo de buscar unha nova localización, se teñen vontade, antes de que remate esta lexislatura.

-Recuperamos a pregunta sobre o ADSL, en vistas de que a estratexia de obviarlo tampouco funcionou. Cando vai ter acceso a veciñanza das parroquias de Torea e Abelleira a unha conexión a internet digna?

-Denunciou o Concello as obras ilegais que se levaron a cabo na Illa da Creba?

-Coa entrada en vigor da chamada “Lei de Benestar Animal” polo PP, as protectoras e asociacións de defensa animal perden a súa capacidade de actuación na recollida de animais da rúa ao verse ameazadas de sanción, e estes animais pasan a ser responsabilidade única dos concellos, rematando así co funcionamento, que en Muros estaba funcionando moi ben, das casas de acollida e cunha das vías polas que estes animais conseguían un novo fogar con garantías. Entendemos que desde a Xunta de Galiza aplicouse a norma antes de dotar aos concellos dos medios para asumir esta responsabilidade. Mais, tendo en conta que chega o verán, e con el o aumento de abandono de mascotas, ten pensado o Concello adoptar algunha medida neste ámbito que vaia máis alá de improvisar e virar as costas á problemática, ou meter aos animais

da rúa nas instalacións do GES? Está o goberno municipal a valorar medidas que de verdade aplaquen esta grave problemática?

-Dende a Galescola de Esteiro, enviáronnos unhas imaxes onde se pode observar que a zona exterior, e nomeadamente, o areeiro, carece completamente de mantemento, e atópase nun estado deplorable e con moita suciedade, ata o punto de acumular excrementos de gato. As mestras teñen que andar moi pendentes de que ningunha das crianzas se acheguen a esa zona do patio. Comentáronnos que desde a propia escola infantil solicitaron neste Concello que se remudara a area e se cubrixe cunha lona para evitar que se deteriore tanto nos meses de inverno. Sabemos que moitas Galiñas Azuis o mantemento dos centros dependen do Concello, mais descoñecemos este caso concreto. Se depende do Concello, rogamos que se atenda esta solicitude canto antes, e se non, queremos saber se fixo algunha xestión o concello para solicitarlle ao Consorcio ou a Xunta ou a quen corresponda que se faga cargo.

-As choivas da semana pasada levantaron de novo a beirarúa da costa de Serres, subindo desde a rotonda, unha zona que se amañou fai menos dun ano. Queremos saber se teñen constancia destas roturas e se van a estudar posibles problemas na canalización das augas fluviais nesta zona e as actuacións necesarias para que se evite que volva a romper en próximos temporais.

-Ante a pregunta que fixemos no pleno pasado sobre a posta en marcha do Noitebús, unha medida aprobada por esta corporación cos votos favorables de CxG, a Alcaldesa respondeunos textualmente: “Probablemente non haberá Noitebús”. Esta resposta, fainos pensar que o apoio que no seu día o grupo municipal de CxG lle deu á moción que presentamos desde o grupo municipal do BNG foi unicamente estética, e que non tivo o goberno municipal ningunha intención de poñer en marcha esta tan necesaria iniciativa para a mobilidade nocturna nas noites do verán. Queremos deixar constancia hoxe, que esta foi a última moción que presentamos desde o noso grupo municipal, e que non presentaremos novas mocións ata que o goberno poña en marcha esta e outras mocións aprobadas anteriormente, como por exemplo, o Plan de Dinamización do Casco Histórico. Se a escusa é a carencia de capacidade de traballo, non seremos nós quen sobrecargue o funcionamento deste Concello, mais queremos preguntar se está o goberno municipal a traballar en serio para por en marcha estas medidas pendentes, ou se as gardaron nun caixón unha vez aprobadas.

Rogos:

A estrada do Muelle de Esteiro, quen ten unhas fochancas a altura do cruce da Inxuela descomunais, que se solucione e que se amañen os parques todos.

Que, como xa solicitamos no pleno pasado, se limpe a parte traseira do Xosé Lago de Esteiro, no que hai unhas noxentas pintadas homófobas.

Responde a Alcaldesa

-Con respecto ao Bar San Francisco os pregos están redactados, terán que vir a pleno xa que o prazo será de 10 anos para que poida amortizar a inversión e que as obras as faga despois do verán.

-As obras do POS empezarán cando poidamos, estase a traballar con elas xa coa dificultade de axustarse á nova Lei de Contratos.

-Con respecto á vespa velutina había trampas na sede do GES e as persoas que chamaron xa se lle proporcionaron e estamos a mercar outras.

-Creo que non están presentes no Concello

-Con respecto á RPT, tiveron lugar entrevistas e están agora con estes datos elaborando un novo documento para poder debatilo.

-Non atopamos alternativa para o repetidor de Abelleira, miramos subir o poste pero non nolo permite patrimonio.

-Para o ADSL como xa comentei o mes pasado aproveitamos coas empresas de internet e telefonía para expoñelo caso e de feito a que vai a poñer a sinal de internet no parque empresarial, que vai a ser operativo no mes de xullo, preguntamos se había algunha fórmula para dar servizo a zonas próximas e van a estudar o caso destas dúas parroquias.

-Non denunciemos obras na Illa da Creba, pero sí que lle preguntamos en varias ocasións a Costas.

-Con respecto ao das mascotas hoxe mesmo rematamos de elaborar un bando e en aplicación da lei de benestar animal estamos en conversas con Anajata para ver a mellor maneira de xestionalo porque efectivamente estábase facendo un bo traballo na recollida e readopción de mascotas sobre todo de cans e de gatos e estamos vendo a forma de solucionar a falta dunha canceira municipal, vía convenio con algunha empresa que quede próxima xeográficamente.

-Con respecto á Galescola encárgase o concello de parte do mantemento, a limpeza faina directamente o consorcio, lles comentarie que pasa coa area pero a brigada de obras ten ido a facer pequenas obras de mantemento.

-Temos constancia dos problemas da beirarúa da costa de Serres, vaise pasar por alí para mirar as posible solucións.

-En canto ás mocións como a do noitebús non votamos por unha cuestión estética, votamos porque nos gustaría que o houbera, pero unha cousa e que nos gustaría e outra que sexa posible. Polo de agora non nos é posible contratar unha empresa para este servizo, cando se poida farase.

-Con respecto ao rogos hai bastantes carreteras con moitísima falta de tapar baches e a da estrada do Muelle é unha delas, ademáis atrás se atascara unha rejilla e probocou



unha riada que atravesaba a carretera e é xusto nese sitio onde peor está, é unha das que está a brigada pendente.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, cando son as vinteunha horas e trinta e sete minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

O Secretario Xeral.

Documento asinado electrónicamente